


UNIDADE DIDÁCTICA

CARVALHO CALERO
PARA O ENSINO PRIMARIO

LAURA GARCÍA DÍAZ



 AGAL

CARVALHO 20
CALERO 20

LIMIAR



O Día das Letras Galegas 2020 está dedicado a Ricardo Carvalho Calero: historiador da literatura, crítico literario, filólogo, lingüista e escritor. Foi o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galega e membro da Real Academia Galega. Defendía que o que se entende como galego e portugués son en realidade dúas variantes da mesma lingua e que, por tanto, o galego debe adoptar o sistema ortográfico portugués.

Esta unidade didáctica pretende aproximar a figura de Carvalho Calero ás alumnas e aos alumnos do ensino infantil e primario para coñecer aspectos da súa vida e da súa proposta ortográfica.

OBXECTIVOS

- Coñecer aspectos da biografía de Ricardo Carvalho Calero.
- Familiarizarse coa proposta ortográfica do homenaxeado.
- Participar activamente nas actividades.

CONTIDOS

- Aspectos da biografía de Carvalho Calero.
- Exemplos de vocabulario galego-portugués.
- Actividades lúdicas.

ACTIVIDADES

INFANTIL E PRIMARIA

VIDA E OBRA DO HOMENAXEADO

Como actividade introdutoria, visionamento dun tráiler sobre a biografía de Carvalho Calero.

<https://www.youtube.com/watch?v=J6mkBc4BZe4>

MOSAICO CARVALHO CON RETRATOS DO ALUMNADO E DO CORPO DOCENTE

Como actividade para dinamizar, formar a cara do homenaxeado coas fotografías dos alumnos, alumnas profesores e profesoras do centro educativo.

NOME CORPORAL

COMPOR O NOME E OS APELIDOS DO AUTOR CO CORPO

Por equipos ou pares, o alumnado debe construír as letras co seu corpo sobre o chan. Pódese fotografar para mostrar o resultado.

PROPOSTA CARVALHO

Procurar as descrições de produtos de casa: alimentos, instrucións... no idioma máis parecido ao galego (cal é?). Ler nas aulas e localizar semellanzas e diferenzas.

XOGOS EN EDUCAPLAY.COM

Pódense realizar no teléfono móbil, na tableta, no encerado dixital ou no computador:

RULETA DE PALABRAS

(5º e 6º de primaria)

Proba de coñecementos sobre a vida e a obra de Carvalho Calero.

Ligazón: <https://i.gal/lmp83>

ISTO TAMÉN É GALEGO

OUTRA FORMA DE ESCRIBIR A TÚA LINGUA

(3º, 4º, 5º e 6º de primaria)

Asocia a palabra coa imaxe correspondente. Así é como se escribe o galego en países como o Brasil, Portugal ou Angola. Esta é a proposta que defendía Ricardo Carvalho Calero.

Ligazón: <https://i.gal/3B1rB>

DITO POR CARVALHO

(4º de primaria)

Ordena as palabras e forma a frase orixinal.

Ligazón: <http://ir.gl/554b>

SOPA DAS LETRAS GALEGAS

(3º e 4º de primaria)

Procura vocabulario relacionado coas Letras Galegas 2020 e o seu homenaxeado.

Ligazón: <https://i.gal/7d8cn>

XOGO DE MEMORIA

(1º e 2º de primaria)

Procura as imaxes iguais do homenaxeado nas Letras Galegas 2020.

Ligazón: <https://i.gal/dlncn>

XOGO DE MEMORIA

(Infantil)

Xogo de memoria do homenaxeado para alumnos e alumnas do ensino infantil.

Ligazón: <https://i.gal/O6nmN>

VOCES E IMAXES

(ouvimos a gravación - infantil e 1º de primaria)

Asocia a voz coa imaxe correspondente.

Ligazón: <https://i.gal/yNwyg>

Autoría: Laura García Díaz

Coordinada por: Teresa Crisanta V. Pilhado & Eduardo Maragoto

Diagramada por: Uxio Outeiro

Este material didáctico contou co apoio da Consellería de Cultura e Turismo e da Deputación da Coruña.



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

#aculturasegue

